



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DE NIVEL AVANZADO DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL DE IDIOMAS

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 15 xullo de 2008, emite o seguinte ditame en relación co Proxecto de decreto polo que se establece o currículo de nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas:

O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que inste ao Ministerio de Educación, Política Social e Deportes a que proceda a modificar o *Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial*, reguladas na *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, para que o currículo do nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas teña como referencia as competencias propias do nivel C1 do Consello de Europa, segundo define no Marco Común Europeo de referencia para as linguas.

Así mesmo, ínstate á Administración educativa para que se tomen as medidas necesarias para garantir a efectiva adquisición do nivel C1. Con este obxectivo deben organizarse dúas convocatorias anuais de probas para a obtención das cualificacións correspondentes.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

v. e pr.
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo